



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 3/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

En Ordes, a catro de abril de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVERTRE REY
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ás actas das sesións ordinarias de 30 de novembro de 2023 e 23 de xaneiro de 2024, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria, de data 30 de novembro de 2023, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezaseis o número legal de membros da Corporación.

A acta da sesión ordinaria, de data 23 de xaneiro de 2024, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezaseis o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase aos Srs. Concelleiros das actuacións seguintes.

Interposición ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de cinco recursos contencioso-administrativos contra o acordo de aprobación definitiva do PXOM.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 29 de febreiro de 2024, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

4. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA ALCALDIA ACEPTACIÓN ENCOMENDA DE XESTIÓN CONCELLOS DE FRADES E DE MESIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ILLO-RIO SAMO VII.

Vista a resolución da Alcaldía nº 349/2024, de data 21/03/2024, pola que se acepta a encomenda de xestión ao Concello de Ordes do proxecto de Obradoiro de Emprego Brañas do Illa-Río Samo VII que realicen os Concellos de Frades e Mesía para poder concorrer en agrupación de concellos á convocatoria de subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 realizada pola Orde 07/02/2024 (DOG nº 38, de data 22/02/2024) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (**Expdte. 2024/A008/000023**).

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 01/04/2024.

Visto o disposto nos art. 11, 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro (LRXSP) e art. 47.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL)

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que dende o PSOE apoian calquera axuda que se reciba para persoas con risco de exclusión como dos programas que existen cada ano para o fomento do emprego.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que están a favor das iniciativas para a creación de emprego, que ofertan unha formación que poida facilitar a posterior integración no mercado laboral. Na súa opinión da a impresión que os obradoiros de emprego no concello de Ordes non están a cumprir os seus obxectivos, incluso semella que o obxectivo é a utilización do obradoiro como medio para obter unha brigada de rozas subvencionada na vez de dunha ferramenta para combater o desemprego. Exemplos doutros obradoiros noutros concellos, mencionar o caso de Ames-Brión para o montaxe e mantemento de instalacións fotovoltaicas, Concello de Carballo cun obradoiro de atención sociosanitaria a persoas dependentes. Concello de Santiago de Compostela cun obradoiro de confección de páxinas web. Concello do Grove obradoiro de servizos de cociña e restaurante. Van a absterse por que están a favor da promoción do emprego pero cun obradoiro que cumpra os seus obxectivos e serva para combater o desemprego.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que valoraron xa fai varios anos facer obradoiros doutra categoría. Na mancomunidade están a facer obradoiros de albanería, carpintería e pintura. Concello todos os anos solicita un curso de atención sociosanitaria a persoas dependentes. Propuxeron facer un integrado específico e non se encontrou xente suficiente. Levan anotando fai un ano ás persoas que lles poida interesar formación nunha profesión con tantas saídas. Estanse adoptando ao que temos e ás saídas que demanda a xente. Estase valorando outras cousas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son os propios demandantes de emprego os que se anotan e indican os perfís para os que queren ser chamados. Despois faise a análise do obradoiro que pode saír adiante. Non é a demanda maioritaria neste concello. Se non hai xente interesada nun obradoiro estaríase a perder o tempo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de once votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (5 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Ratificar a resolución da Alcaldía nº 349/2024, de data 21/03/2024, pola que se acepta a encomenda de xestión ao Concello de Ordes do proxecto de Obradoiro de Emprego Brañas do Illa-Río Samo VII que realicen os Concellos de Frades e Mesía para poder concorrer en agrupación de concellos á convocatoria de subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 realizada pola Orde 07/02/2024 (DOG nº 38, de data 22/02/2024) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

5. APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA MUNICIPAL DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

Expediente de aprobación da ordenanza municipal de administración electrónica (**Expdte. 2024/G013/000001**).

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, de data 01/04/2024.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal de administración electrónica, cuxo texto foi ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas contra o texto do regulamento.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

6. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“O Concello de Ordes ten pendente a aprobación dos seus orzamentos para o ano 2024, condicionados á aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado, que establecerán a marxe orzamentaria financeira que deberán cumprir as Administracións.

En aplicación da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) e de conformidade co seu artigo 15, o Consello de Ministros aprobou, o pasado 12 de decembro de 2023, o Acordo polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026, así como o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para 2024.

Este Acordo establece un obxectivo de déficit para todas as Administracións do Estado do 3% do PIB en 2024 (2,7% en 2025 e 2,5% en 2026). Un Acordo e uns obxectivos, lembremos, que foron aprobados por Bruxelas.

O documento, que recibiu o visto e praxe de Bruxelas, recolle o obxectivo do 3% de déficit distribuído por subsectores dun xeito máis estrito para as Comunidades Autónomas e Entidades Locais, esixindo a Comunidades Autónomas equilibrio orzamentario e ás Entidades Locais un superávit orzamentario de +0,2%.

O Goberno de España tentou durante estes anos de goberno dar maior marxe de financiamento ás Comunidades Autónomas, que son as que garanten o Estado do benestar. Son as competentes en prestar os servizos públicos básicos de Sanidade, Educación e Protección Social. E, neste mesmo sentido, aprobouse unha senda de estabilidade que supón unha flexibilidade nos obxectivos para as Comunidades Autónomas e Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Deste xeito, fronte ao obxectivo inicial de equilibrio orzamentario para todas as comunidades autónomas, propónse un déficit do 0,1% en 2024, tal e como se propón no Consello de Política Fiscal e Financeira, obtendo informe favorable na súa sesión do 11 de decembro. Nas EELL, tal e como propón a Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), os concellos e outras entidades locais xa non terían que acadar un superávit do 0,2% en 2024 e situaríanse en equilibrio orzamentario.

Trátase, polo tanto, dunha marxe adicional para CCAA e EELL de tres décimas máis, equivalente a máis de 4.570 millóns de euros (4.573,2 millóns), que recae na Administración Xeral do Estado.

- Unha décima máis de marxe para as CCAA: máis de 1.500 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.
- Dúas décimas máis de marxe para as EELL: máis de 3.000 millóns de euros adicionais de marxe orzamentaria.

Pero a pesar da flexibilidade para CCAA e EELL, que estas medidas significan, o PP tanto no Congreso dos Deputados como no Senado uniu os seus votos cos da extrema dereita para rexeitar estes acordos, a pesar de que a quen máis prexudica é aos gobernos autonómicos e locais.

É dicir, o PP vota en contra dun Acordo do Goberno de España, que prexudica claramente os intereses económicos do noso concello e, polo tanto, das 12.589 personas que habitan en Ordes.

A senda de estabilidade proposta, foi aprobada no Congreso en dúas ocasións, o 10 de xaneiro e outra vez, o 29 de febreiro, co voto en contra do PP. Cando foron rexeitadas, no seu primeiro intento, no Senado, o Goberno volveu presentar os obxectivos de estabilidade a ambas Cámaras, de acordo co establecido no artigo 15.6 da LOEPSF, sendo rexeitados de novo no Senado, en segunda volta. Deste xeito, os obxectivos de déficit para a Administración Central, CCAA e EELL serán finalmente os fixados no Programa de Estabilidade do mes de abril, que xa conta coa aprobación das autoridades europeas.

É dicir, o resultado dun novo rexeitamento de PP e Vox no Senado á senda da estabilidade, leva consigo a redución da capacidade de financiamento vía déficit que terán as CCAA e Entidades Locais, concretamente, para este Concello supón 0,8 millóns de euros.

Unha redución da capacidade de gasto que terá o concello de Ordes nas súas contas públicas, xa que agora terán que pasar a contemplar nelas un superávit do 0,2% en 2024. Unha situación que prexudicará claramente á cidadanía de Ordes.

É polo que propoñemos os seguintes acordos:

1. Manifestar apoio ao Acordo de Goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2024-2026 e o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do Estado para o ano 2024, así como o Plan de Reequilibrio elaborado polo Goberno de España, que contempla o equilibrio orzamentario na Administración Local para 2024.

2. Instar ao Goberno Municipal a informar sobre as previsibles consecuencias do boicot do PP á senda da estabilidade nos Orzamentos municipais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

3. Esiximos ao goberno municipal que explique por qué os partidos que o apoian concederon menos capacidade de gasto nas competencias propias das entidades locais, e que repercuten no benestar da cidadanía e no tecido produtivo local”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, para explicar o voto en contra da urxencia da moción. Sinala que este concello en ningún momento quere financiarse para endebedarse. Ese 0,2 % supón 25.000 euros. Hai partidas nos orzamentos que non se poden executar que superan esa cantidade, polo que o que se lle está plantexando a esta corporación municipal é un sinsentido. Este concello non se endebedou nunca dende o ano 2015 e non pensan facelo nos anos 2024 e seguintes. Se quere axudar a este concello traia mocións para que nos paguen as axudas do IDAE, temos pendentes 200.000 euros dende o ano 2022. Ou que se aclare dunha vez por todas cal vai a ser a PIE dunha vez por todas. Isto si é importante para que poidamos facer os orzamentos. A senda de déficit no concello de Ordes inflúe nada. É un debate estéril. Non van a entrar en cuestións que do que tratan é de como cada vez máis se pode endebedar o estado.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A violencia de xénero é unha lacra social que nos pode afectar a calquera muller en calquera época da nosa vida.

Co debate social e político chegouse ao consenso de que esta realidade é incuestionable e creáronse ferramentas normativas para combatela.

As actitudes machistas e agresións de calquera tipo non desaparecen dun día para outro por moitos mecanismos que se poñan en marcha , senón que é unha labor onde nos temos que implicar día a día como sociedade educando en igualdade e informando de todas as opcións que teñen as mulleres que sofren violencia de xénero.

É por este motivo que a existencia do sistema VIOXEN (sistema de seguimento integral dos casos de violencia machista) e creado no 2007 ofrece moitas vantaxes que deberían ser aplicadas e sobre todo dalas a coñecer.

Os obxectivos deste sistema de seguimento son :

1. Aglutinar ás diferentes institución públicas que teñen competencias en materia de violencia de xénero.
2. Integrar toda a información de interese que se estime precisa.
3. Valor e facer predicións do risco que pode sufrir unha muller vítima de violencia de xénero.
4. Atendendo ao nivel de risco realizar seguimento e protección das vítimas en todo o territorio estatal.
5. Efectuar unha labor preventiva emitindo avisos , alertas e alarmas cando se detecte algunha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

incidencia ou acontecemento que poida poñer en risco a integridade da vítima.

Todos estes obxectivos van encamiñados a crear unha rede que permita o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres que viviron situación de maltrato e tamén por extensión das súas fillas e fillos.

A protección das mulleres e a loita contra a violencia de xénero ten que estar na axenda das sociedades do século XXI e dende do Bloque Nacionalista Galego apostamos polo traballo na educación en igualdade e na loita e prevención das agresión machistas.

Os concellos e organismos locais deben ser as institucións que aposten por este obxectivo de erradicación da violencia contra as mulleres. A cercanía desas entidades a veciñanza facilita detectar situación de risco, así como promover a sensibilización coa igualdade. A nivel galego son moitos os concellos que se adheriron a este protocolo. Dende concellos rurais como Muxía, Vimianzo, Rianxo, Melide a cidades como A Coruña, Vigo, Pontevedra, Santiago e vilas como Ribadeo ou Carballo.

É por isto que estamos ante unha ferramenta que actúa de maneira transversal para dar seguridade as mulleres e facer un seguimento dos casos e riscos que poida haber.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- O Pleno da corporación municipal de Ordes acorda iniciar os trámites oportunos ante a Delegación do Goberno para a incorporación da policía local de Ordes ao sistema "VIOXÉN" co obxectivo de profundizar e reforzar o seguimento e protección de forma rápida, integral e efectiva das mulleres que sofren violencia de xénero".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo coa exposición de motivos e co acordo exposto na moción. O sistema Vioxen é unha ferramenta mellorable, si é bo para establecer o risco de reincidencia, o risco de homicidio e establecer as medidas de protección en cada caso e o seguimento preciso de cada expediente que é de vital importancia. A administración local xoga un papel moi relevante na loita contra a violencia de xénero, con especial atención á protección e reporte de datos que se utilizan despois para a elaboración de campañas, protocolos, programas, ...etc. votarán a favor desta e de calquera outra medida que contribúa a erradicar a violencia contra as mulleres.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non van a discutir nada da exposición de motivos. Dende o goberno municipal trabállase en todas as áreas e transversalmente para loitar contra esta lacra social. Vai a facer uns matices. Os concellos que se mencionan na moción non teñen Unidade de vítimas de Vioxen. Melide e Santiago dependen de Ordes que si conta cunha unidade. A xefatura de toda a compañía de Santiago está en Ordes. Reuniuse coa policía local e co equipo de Vioxen e vaia a comentar o que lle din. Esta unidade na Garda Civil de Ordes da cobertura policial integral ás vítimas de violencia de xénero de toda a compañía operativas 24 h día os 365 días ano. Teñen efectivos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

en Ordes, Arzúa e Santiago. A policía local de Ordes como primeira forza de actuación policial coordinada e a modo colaborativo a este equipo ven levando en materia de policía xudicial a instrución de dilixencias en sucesos desta natureza, ofrecendo protección e asesoramento á vítima. A inclusión nesa plataforma debe partir dunha mesa de coordinación previa dos trámites necesarios e subordinada á Xunta Local de Seguridade, establecéndose en caso de materializarse os criterios de adhesión. Hai vinte e catro caso de violencia de xénero incluídas no programa, 14 risco non apreciado, 9 risco baixo e 1 de risco medio. Recollen denuncias, instrúen dilixencias iniciais, realizan de detencións e traspaso de dilixencias de detidos á Garda Civil. Hai un gran nivel de colaboración e coordinación entre ambos entes. Dado que o cadro de persoal está formado na materia, debe seguirse o trámite de incorporación e integración da policía local no sistema Vioxen conforme ao establecido polo Ministerio do Interior. O trámite a realizar é o que se presenta como emenda: O Pleno do Concello de Ordes propón elevar a Xunta Local de Seguridade convocada ao efecto a incorporación do Corpo da policía local de Ordes ao sistema de Vioxen co fin de materializar o protocolo de coordinación e constituír a mesa de cooperación policial para acordar de forma concreta como se materializará o contido do protocolo no noso municipio. Se se aproba como se propón na moción non vincula exactamente a nada. En base a iso sería o voto.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que sinala que ninguén está a cuestionar que a policía local ou garda civil non estean a facer o seu traballo. Creemos que este sistema da máis cobertura a unha muller vítima de violencia de xénero que homoxeniza a nivel estatal as canles de comunicación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que a Delegación do Goberno non pode incorporar á policía local ao sistema Vioxen se non hai un acordo da Xunta Local de Seguridade. A policía local é coñecedora e coordina coa Garda Civil.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, que sinala que entende que se propón é que é a Xunta Local de Seguridade a que acorda se incorpore ao Vioxen. Pola súa banda non hai ningún problema en aceptar esta emenda de substitución para que saia adiante esta moción. Agarda que a Xunta Local de Seguridade entenda que calquera ferramenta a maiores que se poida implementar é boa. Non teñen ningún problema en aceptala.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo en elevar o acordo á Xunta Local de Seguridade para que se proceda segundo a normativa. Espera que estimen como positiva esta implementación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

O Pleno do Concello de Ordes propón elevar a Xunta Local de Seguridade convocada ao efecto a incorporación do Corpo da policía local de Ordes ao sistema de Vioxen co fin de materializar o protocolo de coordinación e constituír a mesa de cooperación policial para acordar de forma concreta como se materializará o contido do protocolo no noso municipio.

Intervén a Sra. Vidal Ríos, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

“No pleno ordinario do mes de abril do ano 2021, a corporación municipal aprobou por unanimidade unha moción presentada polo grupo municipal do BNG, demandando á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galiza levar a cabo as actuacións precisas para o remate dos procesos de concentración parcelaria abertos no noso concello desde fai mais de 30 anos, así como tamén publicar na oficina virtual do medio rural, información sobre a concentración parcelaria de Buscás (1º Fase), entre outras.

Durante o debate, o alcalde anunciou que a zona de concentración parcelaria de Vilamaior – Barbeiros II, estaba prevista a súa entrega “a principios do vindeiro ano 2022”.

Novamente, no pleno ordinario do mes de febreiro do ano 2022, este grupo municipal do BNG presentou un rogo demandando ao alcalde, entre outras cousas, a que:

- Informar á corporación sobre os motivos polos cales a entrega dos títulos da concentración parcelaria de “Vilamaior – Barbeiros II” previsto para principios do 2022, non fose materializada naquel entón.
- Insistir ante a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galiza na demanda unánime efectuada polo pleno da corporación celebrado o 29/04/2021, solicitando o remate dos procesos de concentración parcelaria abertos no noso concello e que superan os 30 anos de tramitación.
- Solicitar a publicación dos plano de títulos da concentración parcelaria de Buscás, na oficina virtual do medio rural.

Durante o debate, o alcalde facía un novo anuncio, que a zona de concentración parcelaria de Vilamaior – Barbeiros II, contaba con que a entrega de títulos fose realizada “a principios do ano 2023”.

Case 3 anos despois daquel pleno de abril do ano 2021, en Ordes seguen sen rematar os procesos de concentración parcelaria de:

- Mercurín – Lesta II (iniciada hai case 33 anos, o 13/06/1991).
- Parada II (iniciada hai case 33 anos, o 13/06/1991).
- San Paio de Buscás II (iniciada hai mais de 34 anos, o 23/11/1989).
- Vilamaior – Barbeiros II (iniciada mais de 33 anos, o 14/11/1990).

É dicir, 4 procesos de concentración parcelaria abertos xa case hai 35 anos sen que fosen rematados aínda a día de hoxe coa correspondente entrega de títulos.

Ademais, a día de hoxe, tamén segue sen figurar na oficina virtual do medio rural, información sobre a concentración parcelaria de Buscás (1º Fase).

Outro dos problemas aos que se enfrenta a veciñanza, radica en que as fincas de reemprazo das concentracións parcelarias de Parada II (data de toma de posesión 27/07/2016) e Mercurín – Lesta II (data de toma de posesión 30/11/2016), non se atopan coordinadas co catastro.

Isto provoca que existan casos nos que se estea a pagar IBI por parcelas das que na actualidade xa non se é propietario/a, ou que as persoas propietarias non poidan dispor do valor de referencia que lle corresponde á parcela resultante da concentración parcelaria.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1.- O Pleno do concello de Ordes insta á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

e están a xerar unha controversia pola modificación da lei do catastro inmobiliario. É importante adoptar acordos que se axusten ao que temos que facer, tratando de desvirtuar os da moción o mínimo posible, polo que propón a una emenda de substitución dos acordos seguinte. 1- O Pleno do concello de Ordes solicítalle á Consellería do Medio Rural que axilice todos os trámites que faltan nas concentracións parcelarias que se atopan actualmente con acordo aprobado e con toma de posesión (Mercurín – Lesta II, Parada II, Buscás II e Vilamaior – Barbeiros II) ata o seu remate coa entrega dos títulos de propiedade, dándolle unha especial prioridade dado que foron decretadas entre os anos 1989 e 1991. 2- O pleno do concello de Ordes solicita a Gerencia Regional del Catastro en Galicia que proceda a modificar na súa cartografía a validación gráfica e alfanumérica que resulte na firmeza dos procesos de concentración parcelaria de Parada II e Mercurín – Lesta II; así como a proceder coa revisión e rectificación da validación gráfica e alfanumérica para as zonas de Buscás II e Vilamaior-Barbeiros II, de xeito que permitan a matriculación inmediata das fincas no rexistro da propiedade de Ordes. Cumprindo deste xeito coa competencia exclusiva do Estado conforme ao convenio asinado de forma telemática polo conselleiro do Medio Rural e o director xeral do Catastro do Ministerio de Facenda e Función Pública o pasado 28/07/2023. 3- O pleno do concello de Ordes solicita a Xunta de Galicia que se decrete entre os anos 2024 e 2025 o proceso de concentración parcelaria e reestruturación da propiedade na zona de Ordes-Pereira II, a cal xa se someteu a consulta pública en maio do ano 2023. De materializarse o proceso de Ordes - Pereira II, sobre 1.323 has. implicadas, completárase a concentración do 100% do territorio municipal susceptible de aproveitamento agrario ou forestal. 4- Dar traslado dos presentes acordos á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, á Gerencia Regional de Catastro en Galicia, e a todos os grupos parlamentarios representados na XII lexislatura do Parlamento Galego que ven de comezar. Se acepta a emenda votarán a favor, senón seguirán esperando que o Estado dea cumprimento á súa competencia e proceda á validación gráfica e alfanumérica e a partir de aí que se permita aos técnicos de concentración parcelaria facer a derradeira fase e elaboración dos títulos para acudir á notaría e rexistro da propiedade. Na súa man está sumarse a esta iniciativa.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que supón que cando se refire á nova lexislación estatal é á coordinación do Rexistro da Propiedade co Catastro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si a validación gráfica que mandan os técnicos de Medio Rural non é analizada polos técnicos de Catastro e incorporada á planimetría non se pode avanzar, non se pode acceder ao Rexistro da Propiedade se non hai unha coincidencia. Ese traballo está feito, agora o que hai que esixir é que o Estado cumpra o convenio asinado en xullo do ano pasado. Levamos nove meses perdidos. Todas as concentracións nesta situación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o problema non é so da administración, é o día a día de todos os cidadáns. Esa lei antes non estaba. Estamos con procesos de concentración parcelaria que son eternos, se se tiveran acabado antes e entregados os títulos non habería ese problema. Non hai problema, a modificación mantén os acordos primeiro e segundo. Que Catastro faga as modificacións para reflexar as parcelas resultantes da concentración. A concentración de Ordes-Pereira II non sabe si hai realmente un aproveitamento agropecuario, que existan explotacións que poidan abrir pistas novas e reparcelar toda esa zona si é de interese e a veciñanza o demanda, aceptan a emenda. Non podemos esperar corenta anos por unha concentración parcelaria.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se cuestione o feito de que se poida levar a cabo unha concentración parcelaria. Xa so por darlle seguridade xurídica aos títulos de propiedade a todas esas fincas que en moitos casos están abandonadas e os herdeiros non saben delas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Que non sexamos quen de apoiar ao grupo de goberno, de insistir ante a Xunta de Galicia de que a concentración parcelaria de Ordes-Pereira é necesaria e ter veciños de primeira e veciños de segunda. É necesaria. A defenderá sempre.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que en principio ninguén dixo que estaba en contra da concentración parcelaria de Ordes-Pereira II. Di si é viable concentrar a parte que falta de Ordes e Pereira. O fin da concentración parcelaria é promover a agricultura, non dar títulos de propiedade. Tes que darlle unha volta, non cree que nin sequera sexa lóxico facer esa petición.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está moi equivocado. Co que acaba de dicir ratifica que non lle interesa para nada que se faga a concentración de Ordes-Pereira II. Isto o teñen que saber os veciños de Ordes.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- O Pleno do concello de Ordes solicítalle á Consellería do Medio Rural que axilice todos os trámites que faltan nas concentracións parcelarias que se atopan actualmente con acordo aprobado e con toma de posesión (Mercurín – Lesta II, Parada II, Buscás II e Vilamaior – Barbeiros II) ata o seu remate coa entrega dos títulos de propiedade, dándolle unha especial prioridade dado que foron decretadas entre os anos 1989 e 1991.

2.- O pleno do concello de Ordes solicita a Gerencia Regional del Catastro en Galicia que proceda a modificar na súa cartografía a validación gráfica e alfanumérica que resulte na firmeza dos procesos de concentración parcelaria de Parada II e Mercurín – Lesta II; así como a proceder coa revisión e rectificación da validación gráfica e alfanumérica para as zonas de Buscás II e Vilamaior-Barbeiros II, de xeito que permitan a matriculación inmediata das fincas no rexistro da propiedade de Ordes. Cumprindo deste xeito coa competencia exclusiva do Estado conforme ao convenio asinado de forma telemática polo conselleiro do Medio Rural e o director xeral do Catastro do Ministerio de Facenda e Función Pública o pasado 28/07/2023.

3.- O pleno do concello de Ordes solicita a Xunta de Galicia que se decrete entre os anos 2024 e 2025 o proceso de concentración parcelaria e reestruturación da propiedade na zona de Ordes-Pereira II, a cal xa se someteu a consulta pública en maio do ano 2023. De materializarse o proceso de Ordes - Pereira II, sobre 1.323 has. implicadas, completaría a concentración do 100% do territorio municipal susceptible de aproveitamento agrario ou forestal.

4.- Dar traslado dos presentes acordos á Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, á Gerencia Regional de Catastro en Galicia, e a todos os grupos parlamentarios representados na XII lexislatura do Parlamento Galego que ven de comezar.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Os veciños e viandantes das zonas de Vilar, A Espenica e Sar refiren graves deficiencias na iluminación.

Este grupo político tivo oportunidade de comprobar o citado nas seguintes zonas:

Camiño do Regueiro

Lugar de Sar

Pista que une a zona do lavadoiro da Espenica e Sar

Tendo en conta que son zonas moi transitadas por viandantes e carecer de beirarrúas, solicitamos ao Sr. Alcalde:

Reparar estas deficiencias polo benestar e seguridade da veciñanza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que presenta un rogo cunha foto que non se sabe onde é. Considera que todas as vivendas a día de hoxe teñen un punto de luz. Non poden cubrir todas as pistas con focos. Hai unha auditoría feita, dámoslle acceso e marquen o punto. Plantexado así non poden darlle unha resposta afirmativa ou negativa.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que isto é no camiño do Regueiro, a pista que ven onde están os invernadoiros, antes de chegar ao cruce hai unha casa e non ten punto de luz. Na foto vese a casa da chica que traballa na autopista. Utiliza moito esas pistas, vai xente andando e moitas veces non se ven.

- En Corbelle (43.0953625, -8.3966074), existe unha canalización no lateral da pista sen cubrir. A veciñanza indica que constitúe un perigo para as persoas que camiñan pola zona pero tamén para os vehículos.

Ademáis, existía un pivote para sinalizar a zona que agora está estragado.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Protexer dita canalización para evitar a caída de persoas e vehículos así como sinalizar debidamente a zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha cuneta revestida, que fai unha función importante dada a acumulación de auga que se produce, se se tapa van a ocasionar un perigo máis grande.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que había un pivote que tiña unha cinta de policía local que estaba visible.

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que mirarán do que se trata

- A marquesiña da parada escolar situada nas proximidades do Hotel Barreiro, en Leira presenta varias zonas oxidadas supoñendo un risco para as persoas, con especial



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

mención aos nenos. Sorpréndenos xa que aparentemente o material é de aceiro inoxidable (co consecuente gasto) e, ademais, a marquesiña colocouse recentemente.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Realizar os trámites necesarios para amañar a marquesiña.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é unha marquesiña nova, é preexistente das que estaban na N-550. O único que se fixo foi a recolocación. O aceiro pode oxidarse.

Intervén a Sra. Berdomás García, que sinala que ten un compañeiro pulidor. O aceiro si é de boa calidade non debería oxidarse. Depende da cantidade de carbono que leva mesturado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vaise analizar e ver como se pode proceder.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Na Rúa República Arxentina observamos varios “tubos” que sobresaen na beirarrúa e constitúen un obstáculo para as persoas. Ademais, constitúen un impacto negativo na estética da rúa.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Eliminar ditos elementos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que ver de que se trata, semellan acometidas de cando se fixo a urbanización de feito privado no ano 2011-2012. Falarase coa concesionaria.

- Na Rúa da Reverencia existe un tramo de beirarrúa estragado e sen baldosas constituíndo un factor de risco de caídas e dificultando o paso das persoas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Amañar a beirarrúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha obriga do promotor da urbanización desa zona, é coñecedor, estaba pendente de que a empresa Naturgy a finais do ano pasado rematase os traballos. Está pendente do contratista, sabe o que ten que facer.

- O contedor de roupa e calzado, situado nunha das beirarrúas do Polígono de Merelle, supón un atranco no paso das persoas. Estas vense obrigadas a camiñar pola estrada para evitalo.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se busque outra localización para o contedor.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que xa está avisada a Brigada municipal de obras para baixalo e buscarlle outra ubicación.

- A senda que transcorre por Leira, nas inmediacións da Fonte da Us, atópase enlameada e chea de follas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Limpar dita senda.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A explotación da cantina da piscina O Muíño, foi outorgada o ano pasado por adjudicación directa mediante decreto de alcaldía.

Desde o BNG defendemos que se abra un procedemento de licitación, o cal garante a igualdade de oportunidades entre a veciñanza interesada na súa xestión, non compartindo en absoluto o sistema aplicado polo alcalde, de escoller “a dedo” quen pode acometer a explotación da citada cantina.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A abrir o correspondente proceso de licitación para a explotación da cantina da piscina O Muíño, desbotando o sistema de adjudicación directa mediante decreto de alcaldía aplicado o ano pasado.

Intervén Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que xa está previsto, estanse rematando os pregos e nos próximos días subirase a PLCSP.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na entrada á aldea de Queis desde a N550, na parroquia de Montaos, existe unha abertura na estrada, que co paso do tempo foi creando un burato que xa comeza ser importante, facendo que sexa un prexuízo para os coches que por aí pasan e que co paso do tempo, se irá agrandando.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se arranxe esta abertura na vía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que leva arranxado tres semanas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Na aldea de Guindiboo de Abaixo, a pista asfaltada que vai cara Parada (43.04804,-8.42436), ten tramos que presentan un estado deficiente. Numerosas e profundas fochancas, como se pode observar nas imaxes anexadas, que fan realmente perigosa esta vía, sobre todo para as persoas que se moven en vehículos de 2 rodas (bicicletas, ciclomotores ou motocicletas).

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se arranxe o estado desta vía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o bacheo xa está contemplado para o seu arranxo.

- No cartel da festa do Champiñón, apréciase que o sábado e domingo haberá “pasacalles con gaiteiros”. Á marxe da utilización incorrecta do termo “pasacalles”, o nome dos grupos de música tradicional non están no cartel. É unha demanda xa de moitos anos que se leva facendo dende asociacións, profesionais e membros da comunidade de música tradicional, co fin de poñer en valor o noso patrimonio inmaterial, xa que estas agrupacións deben ter o mesmo recoñecemento que o resto de formacións musicais.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se corrixa estes erros.

A que se especifique o nome dos grupos de música tradicional.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, concelleiro delegado de cultura, que sinala que consultada a normalizadora lingüística da Mancomunidade indica que o nome de pasacalles é correcto.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que é certo que o termo pasacalle é correcto, pero pasacalles é unha composición musical segundo a RAG. Na RAG tamén aparece o termo pasarrúas que se pode achar máis.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, que sinala que con respecto aos grupos tradicionais, hai un grupo de whatsapp con todos eles da contorno. So un deles contestou a proposta de indicación do día que quería actuar na Festa do Champiñón antes de sacar o cartel. Agora van a sacar un novo cartel cos días especificando os días. A día de hoxe algúns aínda non contestaron.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que esta non é unha actuación illada, é unha crítica construtiva. No anterior cartel da Festa do Lacón no mes pasado tampouco se especificaron os nomes dos grupos. Ao BNG parécelles unha falta de planificación, houbo unha preocupación por saber o nome do resto de formacións musicais. Ten que haber unha planificación anterior e ter os nomes deses grupos cando a maioría sexan grupos do concello.

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, que sinala que repite que dende o día 19 ata hoxe aínda non teñen contestación.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que pregunta si dende o día 19 faláron coas charangas, bandas de pop rock, orquestras



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Blanco Viqueira, que sinala que xa se tiña falado anteriormente cos grupos que ían actuar na Festa do Champiñón.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que a próxima vez teñen que preocuparse máis de ter os nomes antes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que teñen que facer é confirmar o día en que van a actuar. O concelleiro de cultura expresouse moi ben. Quere seguir creando debate onde non o hai. O rogo esta respostado.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que a vostedes dálles igual que actúe un grupo ou outro. É necesario aclaralo. É unha falta de respecto máis á música de cultura galega do concello de Ordes.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A estrada que comunica Lesta con Mercurin está nun estado lamentable con numerosos baches e buratos ao longo de todo o traxecto.

As coordenadas de ubicación son X: 543.860,21 - Y:4.774.109,34.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder a reparación da citada estrada

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está xa previsto o bacheo desta zona. Son coñecedores.

Intervén a Sra. Vidal Ríos, voceira do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A calistenia, consiste nun conxunto de equipamentos orientados a permitir a realización dunha serie de exercicios físicos nos que se emprega o propio peso corporal, fortalecendo diferentes grupos musculares.

Estes equipamentos poden estar compostos por barras de dominadas, barras paralelas, soportes para flexións, barras de equilibrio, argolas de calistenia, ...etc.

Trátase dun equipamento que podería complementar os aparellos para traballar a mobilidade instalados no paseo Ramiro Recouso Liste, que cun baixo custo, resultaría beneficioso para a veciñanza.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A instalar unha calistenia no paseo Ramiro Recouso Liste.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que figuraba no programa. Xa están pedidas valoracións distintas. Ao longo do mandato colocaranse máis de unha. Están tratando de aproveitar aos traballadores para aforrar custes na preparación do terreo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- En relación ao Curso de Habilidades Sociais que se imparte na Nave do Mesón do Vento, formulamos as seguintes preguntas:
 - ¿Cales son os criterios de inclusión estipulados para acceder a dito curso?.
 - ¿Quen se encarga de realizar a programación?.
 - ¿Dita programación contempla obxectivos específicos e indicadores?.
 - ¿Os obxectivos do curso están encamiñados a promover a autonomía das persoas e a vida independente?.
 - ¿Existe un programa individualizado para cada persoa?.
 - ¿Os recursos dos que dispoñen as persoas usuarias e as actividades que se realizan diariamente son axeitados para a idade e intereses das persoas asistentes?.
 - ¿Úsase algún instrumento que permita medir o grao de consecución dos obxectivos xerais para os que foi implantado o curso?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social que sinala que calquera persoa menor de 21 anos con diversidade funcional pode acceder ao curso. A educadora social encargada de impartir o curso é a que se encarga de realizar a programación xunto coa traballadora social de diversidade. Todo proxecto de intervención contempla obxectivos específicos e indicadores para a avaliación de resultados. Cada persoa asistente ao curso dispón dun proxecto individualizado con obxectivos adaptados a súa realidade. As actividades están deseñadas para cada usuario. O curso de habilidade sociais está concibido como respiro familiar, axudas ás familias, non é unha ensinanza reglada.

- Dende este ano, os 38 concellos galegos polos que transcorre a AP-9 poderán cobrarlle a Audasa o 100% do imposto urbano de bens inmobles (IBI) xa que, anteriormente, soamente se cobraba á concesionaria o 5% da taxa.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Que cantidade pasará a recadar Ordes mediante o cobro da totalidade de dito imposto?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non foi remitida aínda a liquidación, a estimación 453.000 euros. Gracias á iniciativa do concello de Abegondo e concellos de Pontevedra para que a Deputación espertara e fixese unha reclamación conxunta o que é de agradecer.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Ao longo de varios días observamos que a “pista multideporte” situada no entorno do CEIP Campomaior ten as luces acesas a pesares de que ninguén está facendo uso dela.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por que están as luces acesas cando non está sendo utilizada?.

¿Parécelle unha práctica sostible e reponsable tanto a nivel medioambiental como económico?.

¿Que custe supón a iluminación do recinto para as arcas públicas?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que as luces desta pista están acesas ao igual que as dos parques municipais, pistas de atletismo, campos de fútbol, pista multideporte, pavillóns. Ten un reloxo astronómico que se acende as 20:55 e se apaga sempre as 22:30 horas. Non podemos ter ao conserxe en dous sitios ao mesmo tempo. Está para o servizo dos veciños o seu custe non se coñece.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no seu día cando se conseguiu a financiación para esta actuación era unha obriga vinculante a apertura ao público nunhas determinadas horas. Se non se fai uso é outro problema.

- Durante a xornada do 8 de marzo, o Concello de Ordes non organizou ningún tipo de acto reivindicativo ou actividade de sensibilización no eido da igualdade entre homes e mulleres.

Outros concellos como Padrón, non soamente realizaron actos reivindicativos durante ese día se non que gozaron dunha semana repleta de actividades divulgativas e de sensibilización en consonancia coa temática.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Considera importante o goberno local reivindicar a igualdade entre homes e mulleres?.

¿Por que o concello de Ordes non organizou ningún acto reivindicativo o 8M?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que o goberno local uniuse ás campañas da Xunta de Galicia e da Deputación, repartiuse merchandising, fíxose un video conmemorativo emitido nas redes sociais. Como todos os anos realízanse actividades de sensibilización os 365 días do ano, en todas as áreas do goberno. Colaboran cos CEIPs e IES. Dende os servizos sociais fanse campañas durante todo o ano. Non reivindicán so un día a igualdade, o fan os 365 días do ano.

- O PSdeG de Ordes vén observando a desigualdade existente na celebración de actos conmemorativos dependendo de quen solicite a súa celebración.

O pasado 8M celebrouse un acto en honra a Ramón Ferreiro Regos por iniciativa do Concello de Ordes. O PSdeG comparte coa veciñanza o oportuno deste acto que recoñece a labor dunha persoa que adicou a súa vida a salvar outras destacando tamén a súa excelente calidade humana. Este evento gozou de difusión a través de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

diversas canles. Ante a presenza de condicións climáticas desfavorables instalouse unha carpa para cubrir os asistentes e un atril.

Por unha banda, o PSdeG solicitou a celebración dun acto-homenaxe aos fusilados de Boisaca e dito acordo foi aprobado en pleno por unanimidade. Este acto celebrouse o pasado 8F coincidindo, tamén, cunhas condicións climáticas desfavorables previamente coñecidas. O recoñecemento non gozou da difusión que merecía (non se difundiu a través da canle de Whatsapp nin se fixo ningunha publicación nas redes sociais).

Nesta ocasión, as familias (moitas delas desprazadas doutras comunidades autónomas e localidades) tiveron que presenciar o acto baixo a choiva. Un dos poñentes, tamén familiar, leu unhas palabras de recordo baixo un paraugas.

É polo que preguntamos:

¿Por que, ante as mesmas condicións climáticas, as infraestruturas non son as mesmas?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delega de política social que sinala que a previsibilidade atmosférica de un e outro acto non foi a mesma. A do 8 de febreiro, o día anterior non se sabía que ía chover. O día do acto de Ramón Ferreiro sabíase a ciencia certa por que había unha alerta. O abril no acto de Ramón Ferreiro débese á súa altura polo que o solicitou. Non seríe que plantexen as canles, collan as redes sociais no que saen os actos de homenaxe, a loita dos perdedores, o libro que se fixo. Dúas notas de prensa na Voz de Galicia, con fotos da familia. Ten as capturas, as poden ver. Publicouse tamén no panel informativo do Concello. Non houbo ningún tipo de diferenza.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- A ordenanza nº 24, reguladora sobre prantacións e repoboacións forestais, establece no seu artigo 8º que:

“Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar risco de accidentes, será necesario solicitar autorización para as operacións de carga e descarga, o seu transporte e depósito de madeira procedente da tala que se realice nas prantacións existentes neste Municipio. Na solicitude especificarase a situación da finca onde se vai a sacar a madeira cortada, lugar de almacenamento, os camiños ou vías públicas por onde se realizará o transporte, as características dos vehículos a utilizar, así como os días previstos para o mencionado transporte, adxuntando fotocopia do permiso de tala da administración forestal cando este sexa necesario. A autorización municipal para o transporte e almacenamento será obrigatoria e gratuíta, no obstante, o madeirista deberá ingresar na Tesourería municipal unha fianza, cuxa contía determinará o técnico municipal, para responder polos posibles danos e prexuízos na rede viaria, que non será devolta ata que se comprobe que non se causaron danos ou prexuízos ás vías públicas municipais ...”.

Nos plenos ordinarios dos meses de xuño e xullo do ano 2021, desde o BNG preguntamos:

¿Cantas autorizacións, coas súas respectivas fianzas foran tramitadas naquel mandato?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A resposta do alcalde foi que “Fianzas dúas. Solicitudes no 2021 cinco, no 2020 dúas, no 2019 unha”.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Cantas autorizacións, coas súas respectivas fianzas, para operacións de carga e descarga, transporte e depósito de madeira procedente de tala, foron tramitadas nos anos 2022, 2023 e no que levamos de 2024?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que autorizacións 2022 8, 2023 27 e 2024 13 e 41 do total de 48 cubertas con fianza. Hai fianzas globais, que non se devolven.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte e unha** horas e **tres** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias